

BASES DA AXUDA AGAMFEC A PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN EN ATENCIÓN PRIMARIA 2008.

1. Dotación da axuda e conceptos subvencionables
A AGAMFEC convoca unha axuda para o desenvolvemento dun proxecto de investigación en atención primaria, para realizar nun período mínimo de 12 meses e máximo de 24. A axuda poderá subvencionar ata o 100% do orzamento solicitado, ata un máximo de 6.000 €. O total da subvención poderá dividirse en dúas anualidades, se a duración do proxecto é superior a un ano.
En xeral, a axuda solicitada poderá referirse a algún dos seguintes conceptos:
➤ Material inventariable e bibliográfico indispensable para a realización do proxecto, debidamente xustificado
➤ Material funxible e outros gastos, debidamente especificados e xustificandos
➤ Axudas de custo por desprazamento para actividades que se precisen no desenvolvemento do proxecto
Esta axuda será compatible con calquera outra solicitada ou concedida para o mesmo fin, sempre que conxuntamente non superen o custo total do proxecto, debendo o/a investigador/ora principal declarar o seu cofinanciamento, de ser o caso.
2. Participantes.
➤ Equipos de investigación que desenvolvan a súa actividade, laboral e investigadora, no ámbito da atención primaria en Galicia
➤ O investigador principal debe ser socio da AGAMFEC, así como o 70% dos compoñentes do equipo
➤ Poderá participar no proxecto, en calidade de investigadores/oras asociados/as, outro persoal non pertencente aos puntos anteriores
3. Características dos traballos
➤ Os proxectos presentados poderán ter o traballo de campo iniciado pero non rematado
➤ Deberán tratar sobre calquera área de actuación da atención primaria. A finalidade principal desta axuda é colaborar no financiamento de proxectos que desemboquen en resultados aplicábeis e transferíbeis ao ámbito da atención primaria.
4. Documentación e prazo de presentación
➤ Solicitud normalizada
➤ Breve <i>curriculum vitae</i>, normalizado, dos compoñentes do equipo de investigación
➤ Memoria do proxecto de investigación en formato normalizado
➤ Os comités de valoración poderán requirir dos investigadores/oras as

aclaracións ou documentación adicional que consideren oportuna para completar a avaliación dos proxectos.
➤ Os documentos sinalados neste apartado estarán dispoñibles na páxina web da AGAMFEC, http://www.agamfec.es
➤ O prazo de presentación das solicitudes remata o día 31 de marzo de 2008
5. Criterios de valoración
➤ A valoración das solicitudes levarase a cabo en dúas fases, unha primeira fase de avaliación científica, realizada por un Comité Científico Externo, e unha segunda fase de selección, realizada por un Comité de Selección.
➤ O Comité Científico Externo estará composto por tres ou catro profesionais de atención primaria, de recoñecido prestixio e experiencia no campo da investigación biomédica e de servizos de saúde, doutras comunidades autónomas e alleas a AGAMFEC. Emitirá a súa avaliación en relación cos seguintes criterios: Orixinalidade, o interese, a metodoloxía, a viabilidade e os aspectos ético-legais.
➤ O Comité de Selección estará composto polos seguintes membros: dúas persoas de entre os compoñentes do Comité Científico das XIII Xornadas Galegas de Medicina Familiar e Comunitaria, dúas persoas de entre os compoñentes do Comité Organizador das XIII Xornadas Galegas de Medicina Familiar e Comunitaria e dúas persoas de entre os compoñentes da Xunta Directiva da AGAMFEC. Será condición indispensable dos membros deste comité estar libres de conflitos de interese.
➤ O Comité Científico Externo emitirá un informe motivado e confidencial de cada un dos traballos presentados, que enviará ó Comité de Selección para a realización da proposta definitiva de concesión.
➤ A axuda poderá quedar deserta se, tralos informes do comité Científico Externo e/ou a valoración do Comité de Selección, así o consideran.
6. Comunicación dos resultados.
➤ A resolución da concesión ou denegación das solicitudes será notificada directamente por escrito ós investigadores/oras principais dos proxectos.
7. Pagamento
➤ Farase da forma que, no seu momento, determine a AGAMFEC.
8. Compromisos e seguimento
➤ O/a investigador/ora principal deberá remitirle á AGAMFEC unha memoria, científica e económica, ao remate da duración da axuda. ➤ A parte científica conterá a xustificación da realización do proxecto obxecto da axuda, deberá necesariamente axustarse aos contidos do proxecto presentado e conter as distintas fases de realización do programa, os seus resultados, análises e concusións. ➤ A parte económica conterá unha descrición dos gastos efectuados, incluíndo xustificación das facturas aboadas, dentro do prazo de realización do proxecto e acordos coas partidas concedidas. ➤ Xunto ca memoria final, remitirase xustificación, se procede, do reintegro dos

fondos non utilizados no proxecto. O devandito reintegro farase da forma que, de ser o caso, determine a AGAMFEC.
➤ Os/as investigadores/oras beneficiarios desta axuda, unha vez aceptada a súa concesión, comprometeranse a difundir os resultados da investigación mediante publicacións en revistas e comunicacións a reunións científicas, e declarar en todas elas o financiamento da AGAMFEC. ➤ Do mesmo xeito, deberán mencionar a axuda da AGAMFEC, no caso de que se presente o mesmo proxecto a algunha outra convocatoria pública de financiamento. ➤ A produción científica relacionada co proxecto de investigación financiado seralle comunicada a AGAMFEC, acompañando as separatas cando se produza a súa publicación. Do mesmo xeito, a acreditación de presentación a reunións científicas.
➤ O incumprimento dos compromisos adquiridos co motivo da aceptación da axuda AGAMFEC dará lugar ao reintegro da cantidade percibida. O devandito reintegro farase da forma que, de ser o caso, determine a AGAMFEC.
➤ A participación nesta convocatoria supón a aceptación das bases.

--oo0oo--